



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DE CONSTITUCIÓN DA CORPORACIÓN CELEBRADA POLO PLENO O 15 DE XUÑO DE 2019 .

No Salón de sesións da Casa Consistorial, sendo as doce horas do día 15 de xuño de 2019, reúnen os concelleiros electos da corporación elixidos nas eleccións municipais celebradas o día 26 de maio de 2019, ao obxecto de celebrar a sesión extraordinaria do Pleno da Constitución da corporación

APERTURA DA SESIÓN

Abre o acto a secretaria da corporación, María Ofir Aboy García, que di:

Benvidos a todos e todas:

Eu secretaria, acompañada do señor interventor, sendo as 12 horas do día 15 de xuño de 2019 procedo a apertura da sesión pública plenaria de constitución do concello de Muros que di:

“ Rogo a todas as persoas asistentes que a partir de este momento se absteñan de facer intervencións, para que non se interrompen este acto solemne de constitución da corporación”

Punto Primeiro.- Formación da Mesa de Idade que presidirá a Sesión Constitutiva, conformada polo concelleiro/a de maior idade e o de menor idade dos/as presentes.

Pola Secretaria maniféstase: “En cumprimento do disposto no artigo 195.2 da Lei Orgánica 5/1985, do Réxime Electoral Xeneral, e no artigo 37.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, procédese á formación da MESA DE IDADE, que estará presidida polo Concelleiro/a electo de maior idade, e como Vogal o Concelleiro/a electo de menor idade, dos presentes, sendo o Secretario da mesma eu, a secretaria da Corporación.”

Dos datos obrantes nesta secretaría ao meu cargo, Neste caso, a designación corresponde a:

Don/a **Caridad González Cerviño** como Presidente da MESA DE IDADE

Don/a **Ramón Lago Tajés** como Vogal da MESA DE IDADE

Pola Secretaría maniféstase: Teño comprobado as credenciais enviadas pola Xunta electoral de zona e a súa comparación co DNI e a acta de proclamación de electos así como que tanto a presidenta como o vocal presentaron declaración sobre causas de posible incompatibilidade e sobre calquera actividade que lles proporcione ou poida proporcionar ingresos económicos, así como declaración dos seus bens patrimoniais”

Polo tanto

“Rogo a Don/ a **Caridad González Cerviño** (presidente) achéguese á Mesa Presidencial, ao obxecto de prestar xuramento ou promesa de acatamento á constitución”



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

(Don/a Caridad González Cerviño dá lectura á fórmula de xuramento ou promesa) co modelo que se achega pola secretaría.

A secretaria di: “Rogo a Don/a **Ramón Lago Tajés** (vogal)achéguese á Mesa Presidencial, ao obxecto de prestar xuramento ou promesa de acatamento a constitución

(Don/a Ramón Lago Tajés dá lectura á fórmula de xuramento ou promesa)

O Sr. Vocal da Mesa de Idade pasa a ocupar o seu sitio, á dereita da Presidencia da sesión.

CONSTITUCIÓN DA MESA DE IDADE

- A Secretaría di: “Quedou constituída a MESA DE IDADE, composta por:
- Presidente: Don/a Caridad González Cerviño
- Vogal: Don/a Ramón Lago Tajés
- Secretaria: María Ofir Aboy García ”

Punto Segundo.- Comprobación pola Mesa de Idade das credenciais, dos DNIs, e da presentación das declaracións de intereses e bens polos concelleiros/as electos/as.

Dase por realizado dita comprobación

Punto Terceiro.- Declaración de que a Corporación se atopa constituída se asisten, ao menos, os membros que compoñan a maioría absoluta da mesma (sete concelleiros/as).

CONCELLEIROS/AS ELECTOS QUE ASISTENTES Á SESIÓN CONSTITUTIVA ademais dos concelleiros que forman a mesa de idade (se relacionan a todos/as os concelleiros electos por orde de candidaturas de maior a menor e deberá comprobarse pola secretaría quen está presente)

- - Don/a María Inés Monteagudo Romero
- - Don/a José Vázquez Rama
- - Don/a María Del Carmen González García
- - Don/a Juan Manuel Martínez Martínez
- - Don/a Sandra Maneiro Páis
- - Don/ a María del Rosario Fernández Piñeiro
- - Don/ a María Xosé Alfonso Torres
- - Don/ a José Manuel Quintela Fernández
- - Don/ a José Antonio Uhía Martínez
- - Don/a María Lago Lestón
- . Don/a Paula Simal Mayo



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

Realizada a operación anterior, a Mesa declarará constituída a Corporación xa que concorre a maioría absoluta dos Concelleiros electos.”

Punto Cuarto.- Toma de posesión dos/as sres/as concelleiro/as mediante xuramento ou promesa de acatamento da Constitución Española. Procederase por orde de candidatura de maior votada a menor e pola orde da lista electoral.

TOMA DE POSESIÓN DE CONCELLEIROS/AS ELECTOS

A secretaria da corporación di: “De conformidade co disposto no número 8 do artigo 108 da Lei Orgánica 5/1985, do Réxime Electoral Xeneral, , para a toma de posesión e adquisición da plena condición do cargo de Concelleiro/a, cumpridos os requisitos previos, os candidatos deben xurar ou prometer acatamento á Constitución”

A continuación, procederase a chamar aos Señores Concelleiros/as Electos, por orrde de Candidaturas que obtiveran maior número de votos populares para que presten xuramento ou promesa e son os seguintes:

- - Don/a María Inés Monteagudo Romero
- - Don/a José Vázquez Rama
- - Don/a María Del Carmen González García
- - Don/a Juan Manuel Martínez Martínez
- - Don/a Sandra Maneiro País
- - Don/ a María del Rosario Fernández Piñeiro
- - Don/ a María Xosé Alfonso Torres
- - Don/ a José Manuel Quintela Fernández
- - Don/ a José Antonio Uhía Martínez
- - Don/a María Lago Lestón
- . Don/a Paula Simal Mayo

(Cada Concelleiro/a presta xuramento ou promesa) co modelo que está enriba da mesa xunto cunha constitución Española, salvo as concelleiras María Lago Lestón e Paula Simal Mayo que utilizan unha fórmula distinta do modelo que está enriba da mesa e son requiridas pola secretaria da corporación para que de acordo ca lei, acaten a constitución Española, o que fan segundo din a requerimento da secretaria por imperativo legal.

CONSTITUCIÓN DA CORPORACIÓN MUNICIPAL



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

A secretaría da corporación di: “Declárase constituída a Excelentísima Corporación Municipal do Concello de Muros”

Punto Quinto.- Elección de Alcalde/sa mediante votación ordinaria, salvo que por algún membro solicítese votación secreta e sexa acordado así por maioría absoluta do Pleno. Previa á presente actuación poderá, polos cabezas de lista, renunciarse á candidatura á Alcaldía.

A Secretaria di: “Na mesma sesión de constitución da Corporación procédese á elección de Alcalde, de acordo co seguinte procedemento:

- a) Poden ser candidatos todos os Concelleiros/as que encabezan as súas correspondentes listas
- b) Se algún deles obtén a maioría absoluta dos votos dos Concelleiros/as é proclamado electo
- c) Se ningún deles obtén dita maioría é proclamado Alcalde/sa o Concelleiro/a que encabece a lista que obtivese maior número de votos populares no correspondente Municipio”

A presidente da Mesa Caridad González Cerviño manifesta: “Convídase os Concelleiros presentes que encabezasen as correspondentes listas a que manifesten se manteñen ou retiran a súa candidatura á Alcaldía”

Dona María Lago Lestón, retira a súa candidatura á alcaldía

Dona María Xosé Alfonso Torres, dona Caridad González Cerviño, dona María Ines Monteagudo Romero se postulan como candidatas á alcaldía do concello de Muros

Se algún candidato obtén a maioría absoluta, será proclamado Alcalde/sa; de non obterse, proclamarase Alcalde/sa ao candidato/a que encabece a lista que haxa obtido o maior número de votos populares.

Punto Sexto.- Proclamación de Alcalde/sa e toma de posesión do/a mesmo/a debendo proceder a xurar ou promete o cargo.

Ao non solicitar ningún integrante da Corporación a votación secreta pola Presidencia da Mesa dáse inicio á votación para a elección do cargo de Alcalde/sa

Candidata María Inés Monteagudo Romero. Votos a favor, 4

Candidata Caridad González Cerviño, votos a favor, 4

Candidata María Xosé Alfonso Torres, votos a favor, 3

RESULTADO DA VOTACIÓN

A secretaria da corporación di:

Ao non obter ningunha candidatura a maioría absoluta dos membros da corporación, é proclamado Alcaldesa o Concelleiroa que encabece a lista que obtivese maior número de votos populares no



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

correspondente Municipio que é a candidatura encabezada por María Inés Monteagudo Romero é proclamada Alcaldesa electa deste Excelentísimo Concello, e concorre a prestar xuramento ou promesa”

María Inés Monteagudo Romero, alcaldesa do concello de Muros pasa a prestar xuramento ou promesa, dando lectura á fórmula establecida, e a continuación fáiselle entrega do bastón de mando pola Presidenta da Mesa de idade

Punto Sétimo.- Posta a disposición dos/as concelleiros/as presentes do Inventario Municipal e da Acta de Arqueo extraordinario.

Pola secretaria e interventor do corporación procédese a por a disposición dos concelleiros/as presentes do inventario municipal e da acta de arqueo extraordinario.

O terminar os puntos da orde do día da sesión, a señora alcaldesa, María Inés Monteagudo Romero intervén como nova alcaldesa do concello de Muros e literalmente di:

Amigos, veciños

Para nós a data de hoxe é a historia dun éxito, a das persoas e o colectivo que formamos o partido popular de muros, e a dos nosos votantes, e por eso as miñas primeiras palabras teñen que ser para darlle as gracias a todos eles.

quero dar as gracias aos compañeiros de hoxe, a pepe, a maica, a juan, e aos de onte, a ali e a pepe, aos membros da nosa candidatura, as moitas persoas que nos axudaron e acompañaron estes anos traballando no partido, gracias de corazón aos 1.597 veciños que nos apoiaron co seu voto e fixeron que a nosa fose a candidatura con máis apoio popular, gracias as nosas familias, aos nosos amigos, que son o mellor e máis valioso que temos, non podo deixar de mencionar as dúas mulleres que presidiron esta corporación antes ca min, caridad e maría xosé, gracias as dúas porque abristedes un camiño no que non hai volta atrás, contribuíndo a normalizar a participación da muller na política municipal hai tamén quen o que ve hoxe é a historia dun fracaso, o da falta de entedemento dos outros grupos presentes na corporación. eu, sinceramente, non o creo.

Para mín, para nós, o fracaso sería que entre todos non poderamos sacar adiante os acordos que muros necesita e precisa, e estou segura, de que ahí imos podemos contar con vos, cos concelleiros do psoe, de cxg e do bng, sei que ides estar á altura do que demandan os nosos veciños, por responsabilidade, polo afecto que temos polo noso pobo, porque estamos aquí para eso, porque é o que nos encomendaron os veciños.

Dende hoxe pídovos que non vexades en mín acandidata, a portavoz dun grupo,



CONCELLO DE MUROS

(A Coruña)

Dende hoxe pídovos que vexades en mín aalcaldesa de todos os veciños de muros, a muradana que ten a maior das honras e a maior das responsabilidades: presidir esta corporación e representar aos nosos veciños.

Ides contar connigo, connosco, sempre, poñeremos todo o noso empeño, toda a nosa capacidade, todo o noso traballo ao servizo da nosa xente, do noso concello, afrontamos este reto coa disposición que merece e precisa: capacidade de diálogo, vontade e dispoñibilidade para chegar a acordos, moito traballo, rigor e transparencia.

Afrontamos este reto con decisión e valentía, porque estamos convencidos de que é posible, de que temos futuro, e de que ese futuro empeza hoxe.

Moitas Gracias”

E sen máis asuntos que tratar a Sra. Alcaldesa da por rematada a sesión, cando son as doce horas e vinte cinco minutos , de todo o que eu como secretaria dou fe.

A secretaria Xeral.

Documento asinado electrónicamente